RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisorias de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG n.º 20, do 31 de xaneiro, corrección de erros, DOG n.º 59, do 25 de marzo) (código de procedemento ED001A).

Para darlle cumprimento ao disposto no apartado primeiro da base sexta da Orde do 28 de xaneiro de 2022 relativo á listaxe provisoria de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de artes plásticas e deseño e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no anexo I a relación provisional de persoas aspirantes admitidas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades, que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos

Segundo. Aprobar e facer pública no anexo II a relación provisional de persoas aspirantes excluídas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades con indicación da causa especifica da súa exclusión

Terceiro. Contra a lista provisoria o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da dita consellería, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Cuarto. O feito de figurar na relación provisoria de solicitantes non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais da persoa interesada que a lexitimen para participar no procedemento selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Quinto. No caso dos mestres, o feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade do exame. Esta determinarase na resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fagan públicas as resolucións dos tribunais nas que se anuncien as datas, horas e lugares en que se fará o acto de presentación e se realizará a primeira proba prevista na base décimo cuarta da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 30/03/2022 12:23:04

CVE: egSS6ADaefI8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve